

1.- ¡Feliz Ano Internacional da Estatística!

Co ano 2013 da comezo o **Ano Internacional da Estatística** (Statistics2013), unha celebración a nivel mundial que pretende divulgar a importancia da Estatística en tódolos aspectos da nosa sociedade. A SGAPEIO únese a esta celebración organizando diversas actividades que terán lugar ao longo do ano 2013:

- Febreiro: acto de apertura do Ano Internacional da Estatística e Asemblea Xeral da SGAPEIO.
- Xuño: III Incubadora de Sondaxes e Experimentos.
- Xullo: III Fase Nacional dos concursos tipo Incubadora de Sondaxes e Experimentos.
- Xullo: I Encontro Portugués de Biometría e I Encontro Luso-Galaico de Biometría.
- Outubro: XI Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións.

Máis información na web da SGAPEIO:
http://www.sgapeio.es/index.php?option=com_content&view=article&id=532&Itemid=110

2.- 2013: Ano das Matemáticas do Planeta Terra

No ano 2013 tamén se celebra o **Ano das Matemáticas do Planeta Terra**, “Mathematics of Planet Earth” (MPE2013), iniciativa a nivel mundial que porá de relevo as achegas das Matemáticas para a solución dos problemas mundiais.

Os membros de MPE2013 patrocinarán obradoiros, congresos, conferencias, eventos de divulgación e oportunidades educativas para todas as idades.

Máis información: <http://mpe2013.org/>

3.- III Incubadora de Sondaxes e Experimentos

Lembramos que está aberto o prazo para inscribirse na III edición do concurso **Incubadora de Sondaxes e Experimentos** que organiza a SGAPEIO en colaboración con educaBarrié, a iniciativa educativa da Fundación Barrié. O prazo de inscrición remata o 15 de xaneiro de 2013.

Toda a información sobre o concurso está na páxina web da SGAPEIO: www.sgapeio.es

4.- Bolsas da FEUGA

A Fundación Empresa Universidad Gallega (FEUGA) ofrece un Programa de Bolsas para Estudiantes dirixido a alumnos que preferentemente teñan superado a metade dos seus créditos. O obxectivo deste programa é conseguir profesionais cunha visión real dos problemas que afrontan as empresas e preparar a súa incorporación futura a estas.

Na convocatoria aberta hai unha bolsa dirixida a enxeñeiros informáticos, licenciados en Matemáticas ou Física na empresa GALFO (Vigo).

Máis información: <http://goo.gl/VS9UE>

5.-Curso de xenética para estatísticos

A *Sociedad Española de Biometría* e Biostatnet organizan conxuntamente un curso de xenética para estatísticos, que será impartido pola profesora M. Luz Calle o día 24 de xaneiro de 2013 en Santiago de Compostela. O curso está dirixido a estatísticos, matemáticos ou enxeñeiros interesados na bioinformática pero con coñecementos limitados sobre bioloxía molecular e xenética.

Máis información: <http://goo.gl/lbmul>

6.-Oferta para un estatístico en Mercadona

Mercadona busca un estatístico para traballar en Paterna (Valencia).

Requisitos:

- Licenciado/a en Estatística/Matemáticas.
- Coñecemento e aplicación de series temporais.
- Experiencia en análise de mercado.
- Carné de conducir (vehículo propio).
- Disponibilidade horaria e para desplazarse/viaxar.
- Ofimática: Excel e Access.
- Idiomas: Inglés nivel alto

Máis información: <http://goo.gl/jHLNf>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>